



O pasado día 14 de marzo, [CIG-Saúde denunciou publicamente que o SERGAS estaba a ocultar \(e, polo tanto, negar\) dereitos como o permiso para mulleres xestantes a partir da 37 semana](#) . Non é o único permiso que se nos está negando, desde a **CIG-Saúde** vimos de comezar unha [campaña para exixir a negociación de todos os permisos e licenzas recollidos na última lexislación e que para outras/os empregadas/os públicas/os si se están aplicando](#)

▪

Hoxe o SERGAS sorprendeunos enviando unhas [instrucións sobre dous destes permisos ata o de agora ocultados: o permiso para xestantes e o de incorporación paulatina tras tratamento oncolóxico](#) . Parece que as nosas denuncias empezan a facer efecto. Non podemos parar aquí, quedan moitos permisos por recoñecer, dereitos que nos están roubando ao persoal da Sanidade Pública.

Non podemos consentilo.

Permisos e licenzas: negociación xa!!!

→ [Documento: instrucións sobre permiso para xestantes e permiso para incorporación progresiva tras tratamento oncolóxico](#) .